UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Informática para a creación de web e vídeo | | Código | 616G01017 |
| Titulación | | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | Galego | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputación | | |
| Coordinación | Santos  López, Iria María | Correo electrónico | iria.santos@udc.es |
| Profesorado | Santos  López, Iria María | Correo electrónico | iria.santos@udc.es |
| Web | https://comunicacion.udc.es/gl/materias/inform%C3%A1tica-para-creaci%C3%B3n-de-web-e-v%C3%ADdeo | | |
| Descrición xeral | O obxectivo da materia é coñecer tanto os fundamentos como as ferramentas necesarias asociadas a dous aspectos moi importantes hoxe en día en numerosos proxectos audiovisuais: a creación web e o manexo de información multimedia. Dende un punto de vista práctico, o obxectivo principal desta materia é dar a coñecer ao alumnado a existencia de ferramentas que facilitan o deseño e permiten a optimización do material a publicar, sen esquecer os aspectos teóricos e de fundamentos. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Comunicar contidos mediante web | A1<br>A2<br>A7<br>A8 | B6<br>B8 | C2<br>C3 |
| Deseñar materiais e contidos multimedia para publicación en web | A2<br>A4<br>A7<br>A8 | B4<br>B8 | |
| Investigar e analizar a necesidades nun desenvolvemento multimedia así como xestionar os proxectos | A3 | B3<br>B8<br>B9 | C4 |
| Xestionar a creación dos contidos en función da contorna e obxectivo | A2<br>A3 | B8 | C2<br>C3<br>C4 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Sitios Web | Características e evolución: web 1.0, 2.0, ?<br>Análise e planificación dun sitio web.<br>Mapas de navegación.<br>Estrutura e guía de estilo.<br>Usabilidade e accesibilidade. |

| | |
|---|---|
| HTML5 | Introdución ás linguaxes de marcado.<br>Etiquetas básicas de composición de texto.<br>Atributos da páxina.<br>Vídeos, imaxes, ligazóns e interactividade.<br>Etiquetas para a creación de listas e táboas.<br>Formularios. |
| Ferramentas de creación de sitios web | Ambiente de traballo.<br>Inserción de etiquetas básicas.<br>Composición.<br>Follas de estilo.<br>Adaptación a diferentes dispositivos. |
| Publicación e xestión de sitios web | Aloxamento<br>CMS.<br>Posicionamento en buscadores (SEO).<br>Analítica web. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A8 A7 B8 | 17 | 5 | 22 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 B3 B4 B6 B8 B9 C2 C4 | 7 | 25 | 32 |
| Presentación oral | A7 B8 C3 | 2 | 1 | 3 |
| Proba obxectiva | A7 A8 B3 B4 B8 B9 | 4 | 4 | 8 |
| Prácticas de laboratorio | A2 A7 A8 B8 C2 C3 | 30 | 45 | 75 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Presentación dos temas máis teóricos da asignatura e explicación dos conceptos necesarios para a realización posterior das prácticas. |
| Traballos tutelados | Proxectos propostos relacionados coas técnicas empregadas nas prácticas de laboratorio e coas sesións maxistrais da materia. |
| Presentación oral | Presentacións de traballos tutelados. |
| Proba obxectiva | Proba de avaliación centrada principalmente na parte teórica da materia, aínda que tamén se inclúen preguntas sobre a parte práctica. |
| Prácticas de laboratorio | Pequenas prácticas para comprender o desenrolo/creación de páxinas web. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados | O alumnado terá que formular un proxecto web como traballo da materia.<br>Como parte dos traballos tutelados, o alumnado fará un seguimento durante o curso onde aplicará os coñecementos adquiridos nas aulas de teoría e prácticas para o desenvolvemento do seu proxecto.<br>O alumnado irá realizando en distintas fases os seus proxectos: deseño conceptual, deseño estrutural e desenvolvemento tecnolóxico. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | **Cualificación** |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 B3 B4 B6 B8 B9 C2 C4 | Creación dunha web de forma individual ou grupal (en función do número de integrantes requerirase que a páxina sexa máis profunda, para que todos os participantes realicen tarefas de deseño e programación de forma equitativa). | 30 |
| Prácticas de laboratorio | A2 A7 A8 B8 C2 C3 | Practicas individuais onde os alumnos exercita os coñecementos aprendidos durante a asignatura. | 20 |
| Proba obxectiva | A7 A8 B3 B4 B8 B9 | Proba relacionada cos coñecementos teóricos da materia. | 50 |

**Observacións avaliación**

É
imprescindible acadar
unha nota mínima de 4 sobre 10 no traballo tutelado, na media das prácticas de laboratorio (as cales deben entregarse todas obrigatoriamente) e na proba obxectiva para aprobar a materia. Se o traballo tutelado ou algunha práctica de laboratorio non se entregan no tempo e forma estipulados suporá unha calificación de "Non Presentado" (NP). Todas as tarefas deberán ser entregadas a través do Campus Virtual.

As faltas de ortografía e gramática teranse en conta na calificación. Un traballo con faltas de ortografía non se considerará aceptable e se calificará cun suspenso.

Realizarase unha presentación oral final do traballo tutelado. Todos os alumnos que se presenten a dita convocatoria deberán asistir á duración completa, chegando antes do comezo da mesma e asistindo a todas as presentaciones de dita convocatoria.

A mala presentación dos traballos e prácticas (documentos mal estruturados, índices erróneos, fontes de texto de tamaño aleatorio, textos cortados, imaxes pouco lexibles, mala redacción, carencia de maquetación, diferencia no formato das páxinas, nomes de arquivos que inclúan espazos ou caracteres especiais, etc.) afectará negativamente á calificación dos mesmos ata o punto de poder ser calificados cun suspenso.

Tan só se gardarán as notas das distintas partes se son superiores a 5 (un máximo dun ano sempre e cando a materia non se actualice e as actividades a realizar sexan distintas; caso no que non se gardarán as actividades nas que houbera modificación das condicións). Na segunda oportunidade a parte de prácticas de laboratorio corresponderá a unha nova pequena práctica resumo do curso que compute o 30% correspondente.

PLAXIO: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

ESTUDANTES CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL: Deberán poñerse en contacto co profesorado da materia para posibilitar a realización das tarefas fóra da organización habitual da materia.

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Álvarez García, A. (2010) HTML 5 (guía práctica). Anaya Multimedia, Madrid.- Diego Gauchat, J. (2012) El gran libro de HTML5, CSS3 y JavaScript. Marcombo, Barcelona.- McFarland, D. (2010) CSS. Anaya Multimedia, Madrid.- Murphy, C. & Persson, N. (2009) HTML y CSS. Anaya Multimedia, Madrid.- Peña de San Antonio, Ó. (2010) CSS. Anaya Multimedia, Madrid.- Prat, M. (2009) Posicionamiento de su sitio web en Google y otros buscadores. ENI, Paris.- Ribelles, A. (2011). Digitalización, almacenamiento y transmisión de audio y vídeo. Plataformas de distribución de contenidos. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya.- Salmond, M. (2014). Los fundamentos del diseño interactivo. Barcelona: Blume. ISBN : 9788415317883.- Wiedermann, J. (2007). Web design: studios 2. Koln: Taschen. ISBN : 978-3-8228-3009-3.- Wiedemann, J. (2008). Web design: interactive & games. Koln: Taschen. ISBN : 978-3-8228-4054-2. |

# UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| | |
|---|---|
| **Bibliografía complementaria** | http://www.w3.org/http://www.htmlcodetutorial.com/http://validator.w3.org/http://www.w3.org/Style/CSS/http://www.w3schools.com/css/https://manz.dev/https://ascii.cl/es/codigos-html.htmhttps://css-tricks.com/snippets/css/a-guide-to-flexbox/https://css-tricks.com/snippets/css/complete-guide-grid/https://getbootstrap.esdocu.com/docs/5.1/customize/overview/https://www.linkedin.com/pulse/introducci%C3%B3n-los-formatos-de-codificaci%C3%B3n-video-h262-h264-guevara/?originalSubdomain=eshttp://www.w3.org/http://www.htmlcodetutorial.com/http://validator.w3.org/http://www.w3.org/Style/CSS/http://www.w3schools.com/css/https://manz.dev/https://ascii.cl/es/codigos-html.htmhttps://css-tricks.com/snippets/css/a-guide-to-flexbox/https://css-tricks.com/snippets/css/complete-guide-grid/https://getbootstrap.esdocu.com/docs/5.1/customize/overview/https://www.linkedin.com/pulse/introducci%C3%B3n-los-formatos-de-codificaci%C3%B3n-video-h262-h264-guevara/?originalSubdomain=es |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación oral e escrita/616G01001
Fundamentos tecnolóxicos dos medios audioviosuais/616G01003
Expresión gráfica/616G01004
Informática audiovisual/616G01008
Comunicación corporativa/616G01013

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Deseño aplicado/616G01015
Audio/616G01016

### Materias que continúan o temario

Ferramentas de creación multimedia/616G01027
Ferramentas web avanzadas/616G01036
Obradoiro de creación multimedia/616G01038

### Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable, a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:- Solicitaranse en formato virtual ou soporte informático.- Realizaranse a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.Débese de facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.Incorpórase perspectiva de xénero na docencia desta materia.Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.Deberanse detectar situacións de discriminación e propoñeranse accións e medidas para corrixilas.Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimente dificultades a un acceso adecuado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.Recomendase ao alumnado, para un aproveitamento óptimo da materia, un
seguimento activo das clases así como participar nas distintas
actividades e o uso da atención personalizada para a resolución das
dúbidas ou cuestións que lle podan xurdir.

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**